MEDIDAS E CONSELLOS DO CONCELLO DE MUROS

DATOS DA PROBA

Día	martes
Data	3 de novembro de 2020
Lugar da saída	zona da lonxa vella de Muros
Horario do corte AC550 (dende a rotonda da Tremenda dirección Cee)	de 11.00 h a 18.00 h
Horario da saída	
1º corredor	13.33 h
Último corredor	16.39 h (pode variar)
Frecuencia de saída dos corredores	cada 1 minutos
Saída dos 20 últimos corredores	cada 2 minutos
Número da etapa	13ª
Tipo de etapa	contra reloxo individual
Quilómetros	33,7 km
Etapa anterior	Pola de Laviana - Alto L'Angliru (Asturias)
Día anterior	xornada de descanso
Etapas que resten cando finalice	5

COMO VECIÑO/A #LaVuelta20EnCasa

- Non acudas á liña de saída, quédate na túa casa e segue a etapa pola televisión.
- O obxectivo é evitar calquera tipo de aglomeración de público ao redor do evento.
- Organiza o uso do teu vehículo con antelación.
- Cumpre as medidas de seguridade en todo momento, de todas as persoas depende que a actividade sexa un éxito.
- Os aparcamentos máis usuais da vila de Muros non se poderán usar.
- As zonas de aparcamento prohibido (ver plano) comezarán a desafectarse/baleirarse dende as 20.00 h do sábado 31 de outubro.
- Consulta os lugares nos que podes estacionar o vehículo, o plano e os tipos de zona de aparcamento (dinámicas e estáticas).
- Se tes que desprazarte o 3 de novembro, planifica a túa viaxe con antelación e ten en conta que a estrada AC 550 estará pechada ao tráfico de 11.00 h a 18.00 h dende o punto quilométrico 42,0 (rotonda da Tremenda) en dirección Cee.

- O paso pola estrada que vai de Muros - Miraflores - Alivía - ata o parque empresarial de Serres só se usará por causa de forza maior e para cuestións imprescindible e necesarias.

COMO ESPECTADOR/A

- Campaña de sensibilización, QUÉDATE NA CASA #LaVuelta20EnCasa

Moi ao noso pesar, temos que pedirche que debido á crise sanitaria pola COVID19 te quedes na casa e sigas a etapa pola TV, co obxectivo de evitar aglomeracións nos puntos clave de seguimento da etapa.

MEDIDAS COVID19

- Evita todo tipo de aglomeracións
- Usa obrigatoriamente a máscara
- Está prohibido pedir autógrafos aos corredores
- Está prohibido facerse selfies cos corredores
- Mantén a distancia interpersoal de 2 metros
- Hixienízate frecuentemente as mans
- Recomendamos a instalación no teu móbil da app Radar COVID e passCOVID

PREGUNTAS FRECUENTES

Dende que hora estará pechada a AC 550?

A AC 550 pecharase ao tráfico de 11.00 h a 18.00 h dende o punto quilométrico 42,0 (rotonda da Tremenda) en dirección Cee.

Que tramo da AC 550 estará pechada?

A AC 550 estará pechada ao tráfico dende o punto quilométrico 42.00 (rotonda da Tremenda - Muros) ata o desvío da subida ao miradoiro do Ézaro.

Podo desprazarme pola AC 550 dirección a Santiago de Compostela nese día?

Si.

Antes das 11.00 h do 03/11/2020 sen restricións.

Dende as 11.00 h e ata as 18.00 h do 03/11/2020, sempre que teñas estacionado o teu vehículo nalgunha das zonas de estacionamento consideradas como “dinámicas” (parque empresarial, centro de saúde/piscina e Muíño de Mareas do Pozo do Cachón).

Podo desprazarme pola AC 550 dirección Cee (Louro) nese día?

Si.

Antes das 11.00 h do 03/11/2020 sen restricións.

Dende as 11.00 h e ata as 18.00 h do 03/11/2020

- A Louro: en transporte-lanzadeira dende o parque empresarial
- A Cee: pola AC 400

Podo desprazarme pola AC 400 dirección á Coruña nese día?

Si.

Antes das 11.00 h do 03/11/2020 sen restricións.

Dende as 11.00 h e ata as 18.00 h do 03/11/2020, sempre que teñas estacionado o teu vehículo nalgunha das zonas de estacionamento consideradas como “dinámicas” (parque empresarial, centro saúde/piscina e Muíño de Mareas do Pozo do Cachón).

Onde teño que estacionar o meu vehículo?

Nos lugares que aparecen no plano (lugares de estacionamento) sendo o máis conveniente que deixes o teu vehículo no parque empresarial de Serres. Alí, contarás co servizo de transporte-lanzadeira ata as proximidades da vila de Muros.

Que pasa se ese día teño que vir traballar a Muros?

Se vés dende Santiago de Compostela ou dalgún lugar desa dirección deberás deixar o teu vehículo no parque empresarial de Serres e usar o servizo de transporte-lanzadeira.

Se vés dende Cee ou dalgún lugar desa dirección deberás deixar o teu vehículo no parque empresarial de Serres e usar o servizo de transporte-lanzadeira.

Onde podo aparcar?

As zonas habilitadas para aparcar son as seguintes (ver plano):

Zonas dinámicas: poderás mover o teu vehículo entre as 11.00 h e as 18.00 h.

- Parque empresarial de Serres
- Muíño de Mareas do Pozo do Cachón
- Zona da piscina municipal e centro médico

Zonas estáticas: non poderás movelo dende as 11.00 h ata as 18.00 h:

- Zona do Cabo (lugar próximo ao restaurante A Esmorga)
- A Vouga
- San Francisco
- Ancoradoiro
- Pavillón de Miraflores
- Cemiterio da Atalaia

Dende cando non podo aparcar o meu vehículo na zona portuaria de Muros?

Zona vermella

Dende: ás 20.00 h do sábado 31 de outubro

Ata: ás 20.00 h do martes 3 de novembro

Zona: porto de Muros

Zona laranxa

Dende: ás 20.00 h do luns 1 de novembro

Ata: ás 20.00 h do martes 3 de novembro

Zona: estrada Miraflores, rúa Alameda, rúa Real, avenida Castelao, rúa Cabo, campo da Lúa... (ver mapa)

Podo saír do lugar onde teño estacionado o vehículo o propio día da etapa?

- Ata as 11.00 h do 03/11/2020: sen restricións

- De 11.00 h a 18.00 h do 03/11/2020:

Zonas dinámicas de estacionamento: si

Zonas estáticas de estacionamento: non

Se quero acceder á miña embarcación, podo acceder ás zonas portuarias de Muros?

Non, só as persoas autorizadas.

Cal é a frecuencia do bus lanzadeira que sae do parque empresarial de Serres (rotonda de Ventín)?

O 3/11/2020 dende ás 7:15 h.

Frecuencia: cada10 minutos aprox.

En que lugares fará parada o transporte-lanzadeira?

Saída dende o Parque Empresarial de Serres (rotonda de Ventín) e parada no Centro de Día de Muros, se houbese demanda, tamén poderá ir ata Campo de Cortes e Louro.

CAMPAÑA COVID19

CAMPAÑA #LaVuelta20EnCasa



ZONAS NAS QUE SE PROHIBE APARCAR



ZONAS DE APARCAMENTO

BUS - LANZADEIRA GRATUÍTO DENDE O PARQUE EMPRESARIAL DE SERRES DENDE ÁS 7:15 H / FRECUENCIA: CADA 10 MIN. APROX.